



Facultade de Ciencias da Educación

Traballo de
Fin de Grao

Concepcións
sobre o espazo
rural galego
nunha aula de
primaria.

Estudo de caso
mediante a
aplicación dun test
de palabras
asociadas.

Alumna: Nuria Iglesias Otero

Titor: Xosé Carlos Macía Arce

Xullo 2015

Traballo de Fin de Grao presentado na facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Mestra de Educación Primaria no curso académico 2014/2015.

ÍNDICE

RESUMO.....	7
CAPÍTULO 1. INTRODUCCION	9
1.1. Presentación e xustificación.....	9
1.2. Obxectivos.....	10
1.3. Metodoloxía	10
1.4. Estrutura	11
CAPÍTULO 2. IDENTIFICACIÓN DO OBXECTO DE ESTUDO.....	12
2.1. Concepto de medio rural	12
2.2. Ensinanza da paisaxe.....	14
CAPÍTULO 3. CONTIDOS CURRICULARES	17
3.1. O currículo.....	17
3.2. Os manuais de texto	17
CAPÍTULO 4. UNIDADE DIDACTICA	20
4.1. Xustificación didáctica.....	20
4.2. Obxectivos da Unidade Didáctica.....	20
4.3. Competencias clave	20
4.4. Metodoloxía	21
4.5. Deseño de contidos teóricos e prácticos	21
4.5.1. Primeira sesión: presentación teórica.	21
4.5.2 Segunda sesión: realización de murais, percorrido mediante “Google Earth”, “Street View” e observación da paisaxe dende a fiestra.	22
4.5.3. Proposta da saída de campo “coñece o teu entorno”	24
4.6. Temporalización.....	24
4.7. Criterios de avaliación	25
CAPÍTULO 5. INVESTIGACIÓNS DE AULA	26
5.1. Presentación	26
5.2. Pre-Test de palabras asociadas sobre concepcións do rural.....	27
5.3. Diario de mestra.....	30
5.3.1. Primeira sesión	30
5.3.2. Segunda sesión	31
5.4. Post-Test de palabras asociadas sobre concepcións do rural	33
CAPÍTULO 6. CONCLUSIONS	36
REFERENCIAS DOCUMENTAIS.....	38

FONTES	39
ANEXOS.....	40
Anexo 1. Pre-test de palabras asociadas.....	40
Anexo 2. Post- test de palabras asociadas	54
Anexo 3. PowerPoint sesión 1.....	68
Anexo 4. Actividade 3: realización de murais.....	91

RESUMO

Nas aulas de Educación Primaria non sempre se empregan as mellores ferramentas para coñecer o medio que rodea ao alumnado. Neste traballo, pretendemos buscar a maneira máis efectiva de ensinar estes contidos. Aplicaremos un test de palabras asociadas nunha aula de terceiro curso para coñecer as concepcións que teñen sobre o medio rural, lugar onde estudan e viven. Segundo os resultados levarase a cabo unha Unidade Didáctica e, finalmente, avaliaremos os resultados obtidos para coñecer como influíu a intervención no alumnado.

Palabras chave: medio rural, Educación Primaria, concepcións, test de palabras asociadas, Unidade Didáctica.

RESUMEN

En las aulas de Educación Primaria no siempre se utilizan las mejores herramientas para conocer el medio que rodea al alumnado. En este trabajo, pretendemos buscar la forma más efectiva de enseñar estos contenidos. Aplicaremos un test de palabras asociadas en un aula de tercer curso para conocer las concepciones que tienen sobre el medio rural, lugar donde estudian y residen. Según los resultados se llevará a cabo una Unidad Didáctica y, finalmente, evaluaremos los resultados obtenidos para conocer cómo influyó la intervención en el alumnado.

Palabras clave: medio rural, Educación Primaria, concepciones, test de palabras asociadas, Unidad Didáctica.

ABSTRACT

In Primary Education classrooms, they do not always use the best tools to know the environment surrounded the students. In this work, we try to find the most effective way of teaching these contents. It is going to be applied a test about associated words in year three classroom, to know the conceptions that the students have about the rural environment, the place where they study and live. According to the results, a didactic unit is going to be

carried out and, finally, the obtained results are going to be evaluated to know how the students' intervention influence.

Key Words: rural environment, Primary Education, conceptions, associated words test, Didactic Unit.

CAPÍTULO 1. INTRODUCCION

1.1. Presentación e xustificación

Co presente Traballo de Fin de Grao pretendemos facer un estudo nunha aula de Educación Primaria sobre as concepcións que teñen os alumnos e alumnas de terceiro curso sobre o rural, pois como todos sabemos, as localidades están en continuo crecemento e concretamente, as zonas rururbanas poden crear certas confusións en canto as concepcións que poidan ter os nenos e nenas. Non máis lonxe disto está a forma de ensinanza sobre as localidades, incluíndo aquí as metodoloxías e os manuais que se adoitan empregar na aula, que moitas veces non son os axeitados, xerando novamente confusións entre os máis cativos.

A miña intención foi desde o comezo realizar un traballo que puidese levar a cabo nas aulas da Educación Primaria mediante unha Unidade Didáctica que empregase unha metodoloxía diferente ao habitual tendo sempre presente a mención en Atención á Diversidade que cursei neste ano académico. O colexio no que decido realizar esta intervención é o mesmo no que realicei tódolos prácticum deste grao, concretamente na aula de terceiro, coincidindo tamén que é nese curso onde traballan cos conceptos medio rural e medio urbano. O colexio Ana María Diéguez está situado en Asados, localidade considerada rural, e os alumnos e alumnas deste centro viven en aldeas rurais situadas preto do centro escolar. Este é o motivo polo cal decido coñecer as concepcións do alumnado sobre o rural, pois aínda que estes nenos e nenas viven en aldeas, o medio urbano está moi presente neles e a influencia dos libros de texto ou medios de comunicación inflúen nas concepcións que estes nenos e nenas lle atribúen ao rural. Para realizar este traballo, decido aplicar un test de palabras asociadas coa finalidade de avaliar aos alumnos e alumnas antes e despois de intervir, pois esta ferramenta favorece a espontaneidade e claridade nas respostas (Gil, 1994). Os resultados dos tests confirman a necesidade de aplicar na aula unha Unidade Didáctica na cal se emprega un modelo de ensinanza que non é habitual nas aulas de Ciencias Sociais. Normalmente na aula emprégase o libro de texto tanto para as explicación como para a realización dos exercicios, pero nesta intervención fuximos disto empregando as TIC á hora de transmitir contidos e realizando actividades máis atractivas para os alumnos e alumnas, que serán en todo momento os propios protagonistas da súa aprendizaxe.

1.2. Obxectivos

O obxectivo principal que se pretende acadar neste traballo é deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación e reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar a labor docente.

Outros obxectivos específicos máis relacionados coa propia Unidade Didáctica son os seguintes:

- Obter un diagnóstico previo das concepcións do alumnado sobre o medio rural mediante a aplicación dun pre-test de palabras asociadas.
- Deseñar unha intervención de acordo cos resultados obtidos.
- Recoñecer o medio rural.
- Diferenciar entre aldea, vila e cidade.
- Empregar métodos de intervención para a atención á diversidade.
- Empregar as TIC na aula ordinaria.
- Coñecer os resultados da intervención mediante a aplicación dun post-test de palabras asociadas.

1.3. Metodoloxía

A metodoloxía empregada no presente traballo consiste, primeiramente na busca e análise de documentación bibliográfica de diversos autores que abordan o tema a tratar.

Unha vez obtida e contrastada a información, procedemos a realizar a investigación na aula. Para iso, primeiramente avaliamos ao alumnado sobre os seus coñecementos previos do rural, empregando un test de palabras asociadas. Neste test, os alumnos e alumnas deben asociar palabras, as cales son inducidas por unha palabra (“rural”) que actúa como introdutora (Gil, 1994).

Ademais de asociar palabras, tamén formulamos tres preguntas curtas para obter máis información sobre as concepcións iniciais que teñen sobre o rural, as cales analizaremos posteriormente xunto coas palabras asociadas. Dependendo dos resultados deste pre-test, deseñárase unha intervención na aula axeitada ás necesidades que os nenos e nenas presenten. Durante a posta en marcha da Unidade Didáctica anotarei os datos máis salientables do que ocorra durante as clases nun diario de mestra, onde ademais aparecerán

anotacións importantes sobre un alumno con Necesidades Educativas Especiais que se atopa na aula ordinaria.

Para finalizar, volveremos presentarlle ao alumnado un post-test de palabras asociadas, idéntico ao primeiro, para analizar e comparar as ideas previas coas ideas finais, vendo se as mudaron, adquirindo e interiorizando novos coñecementos, ou se responden do mesmo xeito que antes de intervir na aula.

1.4. Estrutura

O presente traballo estrutúrase en seis capítulos:

- No primeiro capítulo presentamos unha introdución e xustificación da elección deste traballo, aportando obxectivos a acadar, ademais de explicar a metodoloxía e a estruturación do mesmo.
- Un segundo capítulo, abordando o obxecto de estudo, onde falaremos do medio rural, da paisaxe e das saídas escolares coma unha boa maneira de ensinar a mesma.
- No terceiro capítulo faremos un análise do que d o currículo respecto a traballar nas aulas sobre o medio rural e investigaremos o que lles aporta o libro de texto, material que emprega a mestra da aula para impartir a materia.
- No cuarto capítulo explícase a Unidade Didáctica levada a cabo no colexio.
- O quinto capítulo aborda as investigacións de aula, no que se inclúe o análise do pre-test, o post-test e o diario de mestra.
- O derradeiro capítulo aborda as conclusións ás que se chegaron grazas á posta en marcha desta investigación de aula.

CAPÍTULO 2. IDENTIFICACIÓN DO OBXECTO DE ESTUDO

2.1. Concepto de medio rural

Como este traballo trata sobre as concepcións que os alumnos teñen sobre o rural, faremos referencia primeiramente ao significado que se lle atribúe ao medio rural, e para elo, citamos o seguinte fragmento:

(...) non existe unha definición comunmente aceptada para o medio rural debido á diversidade e heteroxeneidade de elementos que o forman. É un espazo físico onde tradicionalmente dominaron as actividades agrícolas e gandeiras, pero que hoxe en día estas vidas viron diminuída a súa importancia en favor doutras actividades económicas. (Armas, 2009, p.61).

Esta é a síntese que escribe Armas na súa tese “Sociedade da información e desenvolvemento rural. Análise de novos procesos sociais e territoriais en rexións periféricas. O caso de Galicia”, despois de comparar as definicións de diversos autores sobre o medio rural. Algunhas destas definicións, tradicionalmente parten de criterios máis complexos para definir o medio rural, e outras defíneno dun xeito máis sinxelo, explicando o rural coma o contrario ao urbano. Lázaro, (citado por Armas, 2009) aporta unha definición do medio rural coma aquel territorio formado por pequenos asentamentos de poboacións que non dispoñen de certos servizos. Tamén di que o medio rural ofrece tanto materias primas coma recursos naturais, ademais de desempeñar diversas actividades económicas, incluíndo nestas a agricultura, atribuíndolle unha importancia decrecente, pois insiste na importancia de diferenciar o significado de medio rural co significado de produción agraria, dous conceptos que aínda que están relacionados, non son sinónimos un doutro.

García (citado por Armas e Macía, 2012) entende o rural de dous xeitos: o rural coma unha poboación pertencente a un lugar que se identifican cunhas tradicións, e o rural coma unha forma de ocupación dándolle importancia á pluriactividade.

Paniagua e Hoggart (2002) explican que cando se fala de rural, na maioría das veces se lle atribúe un significado adxectivo en vez de substantivo, sendo máis comúns as aportacións negativas que as positivas.

Márquez (citado por Armas, 2009) menciona que o concepto de medio rural é difícil de clasificar porque está vinculado con diversas aceptacións: o espazo, a paisaxe, o territorio etc., e dálle especial importancia as funcións ecolóxicas, recreativas e culturais do rural.

Ferrás (2000) distingue no rural dúas zonas: as Áreas Rurais e as Áreas Rurais Profundas. Por Áreas Rurais entende que son aquelas zonas nas que o traballo agrario é maior ao 40% e menor ou igual ao 70% do total, e por Áreas Rurais Profundas entende que son aquelas zonas rurais onde o emprego agrario supera o 70% do total.

Coas ideas destes autores, e seguindo na liña do fragmento citado ao comezo deste apartado, podemos dicir que na actualidade non existe unha definición do medio rural aceptada por tódalas correntes científicas ademais de existir unha gran diversidade nos criterios para delimitar as áreas rurais, pois como mencionan Paniagua e Hoggart (2002), a causa disto é que os grupos sociais non son homoxéneos. Ademais, debemos destacar que é necesario cambiar as definicións do medio rural e da delimitación do espazo rural fuxindo de criterios básicos que se lle adoitan atribuír (Armas e Macía, 2012).

Non podemos esquecernos de que as zonas rurais sofren diversas problemáticas que contribúen á desaparición de moitas aldeas. Lois e Aldrey (2011) afirman que ata o ano 1960 España mantivo unhas densidades rurais altas que na actualidade non existen debido a un gran éxodo rural. Nunha comparativa entre o condado de Cork e A Coruña, Ferrás (2000) observa que nas zonas rurais da provincia galega existe maior avellentamento comparada con Irlanda, e nas zonas rurais do interior de Galicia tamén se observa un gran avellentamento dos habitantes así como un alto abandono das zonas de cultivo (Lois e Aldrey 2011). O despoboamento dos habitantes máis novos que se mudan ás zonas urbanas e o declive económico son dúas das grandes problemáticas que poden evitarse grazas ás novas tecnoloxías, que eliminan a distancia e o illamento destas zonas. O teletraballo e o comercio electrónico son un claro exemplo disto, que pode favorecer á redución do despoboamento e ao asentamento de novas empresas (Armas e Macía, 2009). Armas, García e Macía (2006), tamén nos advirten sobre a existencia dunha brecha dixital, pois non todas as zonas rurais teñen acceso a liñas de Internet, e outras teñen accesos moi pobres. Ante isto, Armas (2009); Armas et al. (2006) e Ferrás, Armas, García e Macía (2004) fálannos dun proxecto de investigación denominado SINDUR (Sociedade da Información e Desenrolo Urbano- Rexional) promovida pola Universidade de Santiago de Compostela, que tivo unha duración de dous anos. Este proxecto pretendía conseguir, a través da páxina web www.infobrion.com, difundir o emprego das novas tecnoloxías nos grupos sociais marxinados ou excluídos das novas tecnoloxías dentro do concello de Brión (Armas, 2009 e Armas et al. 2006). O obxectivo principal de Infobrion.com foi crear un espazo motivador e

atractivo onde os veciños e veciñas do Concello de Brión poidan aprender e comunicarse. (Ferrás et al. 2004).

Un dos apartados de Infobrión.com é o programa Cibereducación no que se pretende promover as TIC nos centros educativos de Educación Primaria e Educación Secundaria do Concello de Brión. (Armas et al. 2006). Este programa ofrecía información actualizada sobre actividades e traballos que se realizaban nos centros educativos, recursos dixitais, documentos e os alumnos e alumnas publicaban diariamente o que realizaban nas aulas (Armas et al. 2006). Cibereducación tamén xeraba contidos didácticos en formato dixital a partir da comunidade educativa, e ademais diso tiña un sistema de xestión editorial que permitía editar ou crear na rede calquera tipo de información coma traballos ou foros. (Armas 2009; Armas et al. 2006 e Ferrás et al. 2004).

A pesares do éxito que tivo este proxecto, houbo dúas problemáticas durante os dous anos do seu funcionamento: a pouca implicación do profesorado, e as infraestruturas precarias de conexión á Rede, algo moi común nalgunhas zonas do rural (Armas et al. 2006).

2.2. Ensinanza da paisaxe

O concepto de paisaxe é entendido pola Declaración de Florencia sobre a paisaxe da seguinte maneira: “Por paisaje se entenderá cualquier parte del territorio tal como la percibe la población, cuyo carácter es el resultado de la acción y la interacción de factores naturales y/o humanos”(Consello de Europa, 2000, p. 2). Busquets, considera que esta definición non se relaciona co concepto da educación, por iso considera a seguinte definición máis acertada, na cal inclúe á comunidade educativa: “la educación en paisaje como la transmisión significativa de conocimientos y la generación de actitudes positivas hacia el paisaje y sus valores.” (Busquets, 2010, p. 8).

A ensinanza da paisaxe nas aulas de Primaria é fundamental para que os nenos e nenas comprendan e valoren o medio no que viven e se desenvolven. Temos que facerlles entender ao alumnado a paisaxe coma un sinónimo de patrimonio, pois debemos transmitir que a paisaxe vai máis alá dunha valoración estética ou histórica, valorándoa coma un símbolo de identidade (Domínguez e López, 2014). Ademais disto, como ben di Busquets (2010), na educación en paisaxe debemos ter moi en conta as dimensións perceptivas e sociais para motivar aos alumnos ao estudo da paisaxe, pois cada alumno percibe a paisaxe dunha maneira diferente e porque moitas das paisaxes son consecuencia da acción humana.

Como menciona Busquets (2010), o propio entorno ofrécenos moitos recursos para educar en paisaxe, pero para que sexa unha aprendizaxe satisfactoria non hai nada mellor que saír da aula, abríndolle deste xeito as portas do colexio á vida e eliminando as distancias existentes entre a teoría e a práctica (Travé, 2003). Ademais, pedagogos coma Decroly ou Freinet xa lle atribuían ás saídas un papel fundamental no aprendizaxe, considerándoas coma unha maneira de vincular o aprendizaxe coa experiencia do alumado (Vilarrasa, 2003). Busquets (2010) explica que as saídas de campo deben complementarse con actividades na aula empregando as TIC. Podemos poñer como exemplo aplicacións que se empregaron na Unidade Didáctica do presente traballo: “Google Earth” e “Street View”. Debemos ter moito tino ante as novas tecnoloxías como instrumento de aprendizaxe, pois aínda que abriron un camiño con novas e grandes oportunidades na educación, só funcionan positivamente cando se empregan correctamente (Vilarrasa, 2003). Tamén debemos ter moi presente o mencionado no punto 2.1, pois nalgúns zonas rurais, debido á brecha dixital existente, non é posible empregar na súa totalidade as novas tecnoloxías, xa que nalgúns localidades aínda son precarias as conexións a Internet (Armas et al. 2006).

Sobre as saídas de campo, Travé, (2003) explica que ditas saídas permítenlle ao alumnado recoñecer o seu propio entorno e a forma de vida que se forxou co paso do tempo, pero para aproveitálas ao máximo, o autor dinos que o profesorado debe facer unha organización previa, organización que moitas veces non é moi sinxela por problemas económicos, de organización dende o propio centro e incluso por responsabilidade legal ante calquera accidente durante a saída: “pese a sus indudables ventajas didácticas y motivacionales, las salidas generan ciertas inseguridades e inquietudes en el profesorado que podrían superarse gracias al trabajo colegiado y la buena disposición de la administración educativa” (Travé, 2003, p. 46). Hai que ter en conta os contras, pero a parte positiva, froito do esforzo do profesorado, é maior:

Probablemente exige un esfuerzo por parte del profesorado, pero resulta muy interesante porque favorece un papel más activo por parte del alumnado, ya que permite la concurrencia de conceptos y habilidades propias de las diversas áreas de conocimiento escolar y la aplicación de varios niveles de lectura del fenómeno paisajístico... (Busquets, 2010, p. 11).

A modo de conclusión, debemos ter moi presente que as saídas de campo son a mellor maneira de ensinalle aos nosos alumnos a paisaxe e o medio no que viven, de achegalos á súa contorna máis próxima (Busquets, 2010), e sobre todo, é a mellor maneira de romper as

coñecidas barreiras que separan a teoría da práctica (Travé, 2003) para conseguir que na escola se produzan experiencias culturais educativas que Vilarrasa define da seguinte maneira:

Una experiencia cultural será educativa si contribuye al proceso de autoconstrucción del sujeto y le confiere un mayor grado de autoconocimiento y de autonomía cognitiva y emocional; si promueve un esfuerzo del alumno para alcanzar las formas superiores de goce cultural, la reflexión y autoconocimiento de los gustos primarios y el gusto por los placeres estéticos y cognitivos; si se basa en valores positivos y, finalmente, si supone una posibilidad de participación activa en la que los alumnos puedan asumir responsabilidades reales y aplicar sus conocimientos a la resolución de problemas.(Vilarrasa, 2003, pp. 17-18)

Pero todo isto non sería satisfactorio sen a implicación e esforzo por parte do profesorado, que debe organizar a saída antes de realizala, asegurando deste xeito unha experiencia satisfactoria e quitándolle o máximo partido ás saídas de campo.(Travé, 2003).

CAPÍTULO 3. CONTIDOS CURRICULARES

3.1. O currículo

Se imos ao currículo vixente do terceiro curso da Educación Primaria (Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia), e buscamos que é o que trata referente ao tema das localidades vemos que o bloque dous “o mundo que nos rodea”, fálanos da paisaxe. Nos contidos menciona a definición e os elementos básicos e características das paisaxes galegas. Para avaliar estes contidos, toma como criterio que saiban explicar e recoñecer as paisaxes pertencentes a Galicia. No bloque 3 “vivir en sociedade”, comentaremos o punto B 3.1. Neste apartado presentan o contido da organización social, política e territorial tanto das localidades como das comarcas, mencionando tamén a elaboración dun mapa conceptual. Como criterio de avaliación, os alumnos teñen que saber explicar dita organización propia da súa contorna mediante mapas mentais. En canto aos estándares de aprendizaxe, o currículo menciona que o alumnado debe describir a estrutura básica da organización da súa contorna próxima.

Nestes dous apartados non aparecen actividades que se levarán a cabo con esta Unidade Didáctica, moi interesantes e atractivas para o alumnado, as cales melloran a aprendizaxe e motivación dos nenos e nenas polas Ciencias Sociais. No obstante, ao comezo do anexo que trata das Ciencias Sociais, si que menciona que os mestres e mestras debemos buscar maneiras de ensinanza que provoquen nos alumnos curiosidade e ganas de aprender. Neste caso, as propostas son de carácter interesante xa que promoven as TIC ao mesmo tempo que se traballa coa contorna próxima do alumnado.

3.2. Os manuais de texto

Se observamos o libro de texto empregado no centro escolar, Faro 3.2, publicado no ano 2012 da editorial Vicens Vives, vemos que divide entre vilas e cidades. Se lemos o apartado das vilas, vemos que se refire ao rural, citando nun recadro o seguinte “O conxunto de persoas que vive nunha vila denomínase poboación rural”. Ademais da anterior definición, destacamos que en ningún momento mencionan as aldeas. As imaxes que publican son imaxes do rural referíndose novamente ás vilas, provocando deste xeito unha gran confusión nos alumnos e alumnas, pois dá a entender que as vilas e as aldeas do rural son o mesmo. Sobre o emprego, mencionan que o habitual é que os habitantes traballen na agricultura,

gandería, pesca e turismo. Tamén cita que hai comercios, bancos, industrias, bibliotecas e ambulatorios.

A continuación preséntase unha serie de imaxes deste mesmo libro, tratando de explicar como son as vilas. Observando estas imaxes podemos apreciar a gran confusión que xeran. Na fotografía 1 preséntannos unha vila, a imaxe dúas sen embargo non nos aporta nada porque nos mostra unha imaxe dun mercado a cal puido ser quitada en calquera zona, tanto urbana coma rural. A fotografía terceira semella ser das aforas dunha cidade, e a cuarta é claramente pertencente a una aldea do rural.

COMO SON AS VILAS

Nas vilas podemos distinguir diferentes zonas e edificios.

1



No centro atópanse as casas e os edificios máis antigos.

2



Nas rúas do centro hai tendas, bancos e algúns talleres.

3



Nas vilas máis grandes construíronse bloques de pisos e casas pegadas, institutos, polideportivos...

4



Nos arredores están os campos de cultivo, as granxas e casas de campo, os bosques...

Imaxe 1. Explicación das vilas segundo o libro empregado na aula.
Fonte: Vicens Vives, 2012.

En canto á cidade, o manual explica o que é, distinguindo claramente das partes da mesma e falando dos tipos de traballo que desempeñan os seus habitantes.

Para facer unha comparativa, empregouse outro libro de texto dunha editorial diferente. Concretamente, analizouse o manual “Coñecemento do medio: 3 Primaria” da editorial

Obradoiro - Santillana, publicado no ano 2008. Neste libro de texto observamos cambios, pois separan as localidades en tres grupos, tratando deste xeito as aldeas, vilas e cidades. Neste manual explícanos o que é unha aldea presentando imaxes de aldeas acordes co texto e falando de cómo é a vida nelas, mencionando a agricultura, gandería e o turismo rural. Coas vilas ocorre o mesmo, aínda que hai un dato que actualmente non sería o correcto: as familias das vilas non adoitan vivir nas mesmas vivendas e agora aprécianse edificios con máis de dous andares. En canto ás fotografías, móstrannos Mondoñedo e Combarro, imaxes acordes co que transmite o texto. Para rematar, explícanos o que son as cidades, dando unha descrición bastante sinxela, e falando de como é a vida nelas. Hai que destacar que a descrición da cidade non está ben expresada, pois concretamente cando nos fala das rúas, dinos que son “largas e longas”, dous adxectivos sinónimos entre si, en vez de dicir que son longas e anchas. As imaxes, neste caso, tamén van en consonancia co texto, ensinando as cidades da Coruña e Vigo.

Unha vez comparados os dous libros, podemos concluír que o manual que se emprega na aula non é o axeitado debido a que non define de forma correcta as localidades, concretamente o rural, o cal confunden coas vilas. Deberían diferenciar as localidades de xeito correcto, neste caso insistindo nas zonas rurais, pois se en vez de transmitir información axeitada transmitimos información confusa, os alumnos e alumnas terán graves confusións e non saberán diferenciar as localidades entre si. Tamén sería interesante engadir nestes manuais información sobre as cabeceiras comarcais, para que o alumnado coñeza cal é o núcleo destacado de cada concello.

CAPÍTULO 4. UNIDADE DIDACTICA

4.1. Xustificación didáctica

En base ao análise do libro de texto empregado na aula e aos resultados obtidos no pre-test de palabras asociadas, obsérvanse carencias, pois o alumnado non distingue o rural do urbano con claridade. Observamos respostas moi vagas, imprecisas e mesturadas que se ven intimamente relacionadas coa carencia de explicación do rural por parte do manual do profesorado. Actuar na aula é imprescindible para favorecer a diferenciación entre as distintas localidades, concretamente das zonas rurais, xa que estes nenos e nenas viven no medio rural, un dato relevante que aumenta a gravidade da problemática existente.

4.2. Obxectivos da Unidade Didáctica

O obxectivo principal a acadar nesta Unidade Didáctica é o seguinte:

- Facer unha investigación a partir da implementación dunha Unidade Didáctica sobre un tema estratéxico para entender a contorna galega.

Unha vez claro o obxectivo primordial, procedemos a concretar os específicos, tendo en conta os obxectivos mencionados no apartado 1.2:

- Recoñecer o medio rural.
- Diferenciar entre aldea, vila e cidade.
- Analizar a información sobre as aldeas, vilas ou cidades mediante a análise dende a fiestra e a realización de murais en equipo.
- Intervir na aula ante casos de necesidades educativas especiais.
- Traballar os contidos mediante as TIC dispoñibles na aula ordinaria.

4.3. Competencias clave

Con esta Unidade Didáctica, e tendo en conta os obxectivos citados anteriormente, pretendemos traballar as seguintes competencias clave:

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencias nas cales deben recoñecer e reflexionar sobre as localidades, mostrando interese polas Ciencias Sociais.

- Competencia lingüística, xa que os alumnos deben comprender as mensaxes que se lle transmiten, tanto orais como escritos, expresándose acorde coa terminoloxía que deben adquirir no terceiro curso.
- Competencias sociais e cívicas, pois os alumnos deben mostrar actitudes de diálogo e de resolver conflitos, empregando a empatía para favorecer o benestar de tódolos alumnos e alumnas.
- Competencia dixital, na cal o alumno ten que ser capaz de comprender as proxeccións que se presentan no encerrado dixital e de manexar ferramentas informáticas coa axuda da mesta se fose preciso.
- Aprender a aprender, esta competencia traballarase para que o alumno sexa quen de adquirir e desenvolver técnicas que lle favorezan tanto a aprendizaxe como a organización e a reflexión propia do aprendido.
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor. Esta área favorece aos alumnos e alumnas á toma de decisións dende o propio coñecemento de cada un deles.

4.4. Metodoloxía

A metodoloxía que se aplicará será un modelo de ensinanza distinto no cal empregamos ferramentas que o manual omite, fuxindo deste xeito das ferramentas de ensino tradicionais. Empregaremos ferramentas atractivas para o alumnado ao mesmo tempo que nos permitan unha comprensión máis clara dos contidos a tratar.

4.5. Deseño de contidos teóricos e prácticos

Como se menciona no apartado anterior, esta Unidade Didáctica está deseñada para intervir durante tres sesións. A continuación explícanse as tres sesións programadas para intervir no centro educativo.

4.5.1. Primeira sesión: presentación teórica

Nesta primeira sesión levarase á aula unha presentación PowerPoint para explicar o rural, as vilas e as cidades. Cabe destacar que as explicacións teóricas na aula serán en base a unha gran cantidade de imaxes; aparecerá texto, pero predominarán as fotografías extraídas maioritariamente da aplicación informática “Google Earth”. Con esta presentación baseada en imaxes, ademais de pretender que coñezan as características para recoñecer as diferentes localidades, tamén buscamos que saiban diferenciar unhas das outras. Para iso, a

explicación na aula non só será de tipo clase maxistral, senón que os alumnos e alumnas serán participantes activos en todo momento. Primeiramente, partiremos dunha tormenta de ideas previas, e proxectaranse varias imaxes do mapa de Galicia para que coñezan a situación do terreo onde viven. Haberá un tempo para que expoñan ideas ou experiencias propias e logo expoñerase a parte teórica na cal os nenos e nenas participarán activamente respondendo a preguntas e formulando dúbidas. Esta parte teórica está organizada en tres apartados: as aldeas do rural, as vilas e as cidades. En cada apartado aparece unha diapositiva onde se describen as características salientables de cada zona, e a continuación preséntanse diferentes imaxes para recoñecer de xeito visual os contidos teóricos. Unha vez explicada a materia e resoltas as posibles dúbidas, realizarase unha parte práctica na cal se expoñerán varias imaxes e pediranse varios voluntarios e voluntarias para saír xunta o proxector. Nesta práctica, o alumnado debe recoñecer que tipo de localidade é a que se lle presenta e por qué o consideran así, tendo que ensinarlles aos seus compañeiros as características que observan na imaxe correspondente para verificar se a elección foi correcta, e se o alumno comete un erro, pódelle axudar outro compañeiro ou compañeira. Ao finalizar a sesión recordaráselles que o próximo día traian recortes de revistas ou de prensa onde aparezan imaxes que teñan que ver co medio rural ou co medio urbano, relacionado coas explicacións das que falamos na aula para facer unha actividade na seguinte sesión.

4.5.2 Segunda sesión: realización de murais, percorrido mediante “Google Earth”, “Street View” e observación da paisaxe dende a fiestra.

Nesta segunda sesión faremos un mural cos recortes que aporten os alumnos. Cabe destacar que cada equipo xuntará os seus recortes, os cales se intercambiarán entre os grupos restantes para que non empreguen unha clasificación previa que quizais fixesen na casa mentres seleccionaron as imaxes. Cada grupo terá dúas cartolinas: nunha delas farán un mural con recortes do medio rural e na outra farán outro mural con recortes do medio urbano. Poderán decorar ambos murais ao seu gusto tendo en conta as ideas de tódolos compañeiros e compañeiras do grupo de traballo.

Como a realización dos murais lles levará bastante tempo, realizaranse dúas actividades máis simultaneamente. Decídese traballar deste xeito porque con grupos reducidos asegúrase o

entendemento dos alumnos, xa que hai máis oportunidade de participación para cada un deles.

Primeiro, farase unha exploración do medio a través de Google Earth. Será necesario empregar un ordenador portátil con acceso a internet para poder desprazarnos polos diferentes grupos. A elección de empregar o ordenador portátil débese a que os equipos informáticos do centro non admiten a instalación do programa informático “Google Earth”. Mediante esta aplicación o alumnado viaxará por diferentes zonas onde diferenciarán o tipo de localidade que é, indicando se pertencen ao medio rural ou ao medio urbano. Primeiramente, mediante “Street View” ensinaráselle un percorrido da zona do colexio, que pertence ao rural para continuar coa visita a unha vila e a unha cidade, recordando nos tres casos as características de cada localidade e comparándoas entre si. Seguidamente terán a opción de escoller varios lugares para visitar e analizar, preferiblemente decidirán un lugar cada un, facendo deste xeito que a actividade sexa aínda máis atractiva para eles.

A seguinte actividade consiste en achegarse á fiestra da aula, de novo por grupos reducidos, para observar e analizar a paisaxe da súa contorna. A través da fiestra da aula pode verse unha paisaxe rural onde os alumnos e alumnas poden recoñecer as características explicadas na clase teórica e relacionar a paisaxe coas imaxes proporcionadas na explicación. No primeiro plano observan o xardín do colexio, as casas veciñas con hortas e incluso algunha ovella, ambos simbolizan os traballos agrícolas e gandeiros que desempeñan os veciños. O colexio está rodeado polo monte e no lado esquerdo apreciase leña, símbolo de traballos forestais que se adoitan realizar no rural. Nun segundo plano os alumnos apreciarán aldeas máis afastadas formadas por pequenos grupos de casas baixas rodeadas de hortas e leiras: algunhas están traballadas e outras gardan barbeito actualmente. Nun último plano poderán apreciar a montaña, máis monte e unhas minúsculas casas pertencentes ás aldeas da montaña.

Unha vez rematadas as tres actividades, realizarán o post-test de palabras asociadas para comparar os resultados finais cos obtidos no pre-test. Responderán ao que se lles pide sen axuda, e de xeito individual.

4.5.3. Proposta da saída de campo “coñece o teu entorno”

Esta sesión é unha proposta de saída didáctica que non puido levase a cabo debido a problemas no propio centro para realizar a saída, pois infórmanme dende o centro que esa ruta non está nas condicións óptimas para levar ao alumnado. De todos modos, esta proposta segue en pé para cando se poida realizar.

Coa saída denominada “coñece o teu entorno”, mostraríase aos alumnos e alumnas o entorno no que viven, promovendo o seu recoñecemento como zona rural, relacionándoo cos coñecementos adquiridos nas sesións levadas a cabo na aula. Posto que este centro está situado no rural, non hai mellor opción que realizar unha saída de campo para que o alumnado estea en contacto directo cos elementos que conforman dita zona.

A saída estaba prevista para saír do centro escolar camiñando á primeira hora da mañá co fin de facer un percorrido pola ruta do río Té. Este percorrido está a carón de aldeas, monte, estradas estreitas, hortas e grandes extensións de campos tanto de cultivo coma de barbeito, tendo a oportunidade de ver aos habitantes das aldeas realizar traballos de gandería, agricultura e incluso traballos forestais, pois a ruta está totalmente rodeada de monte.

Aproveitando esta saída tamén se fomentaría a concienciación sobre o coidado da natureza e a reciclaxe. Para iso levaríamos bolsas de lixo e luvas para recoller polo traxecto lixo, pois é unha zona na que adoita pasear moita xente a cal deixa papeis, latas e plásticos entre outras cousas. Esta saída faríase por grupos reducidos, tendo un mestre por cada equipo para controlar o lixo que puidesen atopar, para evitar deste xeito calquera incidente.

Unha vez de volta ao colexio, o alumnado realizaría un resumo do que viron, aportando debuxos do que sería para eles o rural tras a saída didáctica.

4.6. Temporalización

A temporalización desta proposta de intervención escolleuse a partires da oferta proporcionada pola titora da aula. Finalmente, organizáronse as actividades en tres sesións das cales dúas se levan a cabo. Cabe destacar que as sesións 1 e 2 programáronse para as datas establecidas no recadro sen límite de horario, é dicir, puiden estar na aula todo o tempo que precisei.

TEMPORALIZACIÓN: TÁBOA ORGANIZATIVA DAS SESIÓNS	
Sesións	Data
Sesión 1 : Presentación PowerPoint.	Venres, 15 de maio.
Sesión 2: mural, viaxe a través de Google Earth, Street View e análise da paisaxe dende a fiestra.	Luns, 18 de maio.
Proposta da saída didáctica “coñece o teu entorno”	Proposta non levada a cabo.

4.7. Criterios de avaliación

Os resultados da intervención avaliaranse mediante un post-test de palabras asociadas, o cal contén as mesmas preguntas que o pre-test que cubriron antes da intervención. Deste xeito, poderemos observar se os alumnos mudaron as ideas previas grazas á realización da Unidade Didáctica, ou se non foi unha experiencia positiva, non mudando de ideas neste último caso.

Tamén se terá en conta para a avaliación todas as actividades realizadas na aula: a actividade mediante as aplicacións “Google Earth” e “Street View”, o análise da paisaxe a través da fiestra e os murais realizados polos diferentes grupos, actividades onde deben empregar os contidos transmitidos na sesión explicativa, demostrando deste xeito se a explicación foi satisfactoria e se os contidos foron interiorizados.

CAPÍTULO 5. INVESTIGACIÓN DE AULA

5.1. Presentación

Para coñecer as concepcións que teñen os nenos e nenas sobre o rural, aplicouse un primeiro test de palabras asociadas, que será analizado para poder intervir na aula axeitadamente. Como mencionamos anteriormente, volveremos aplicar este test unha vez rematada coa intervención e analizaremos e contrastaremos ambos resultados máis adiante.

É de gran importancia a aplicación dos tests de representacións sociais o alumnado para coñecer as concepcións que teñen, neste caso, sobre o rural, pois como destaca Gil (1994), o entorno é fundamental á hora de que os alumnos e alumnas lle atribúan significado aos conceptos. O autor, menciona que as persoas vense influenciadas polo seu entorno próximo á hora de atribuírlle significado aos conceptos e advirte que os medios de comunicación tamén xogan un papel fundamental para atribuír os significados dos conceptos, pois emiten imaxes e información moi variada onde se aprecian diferentes puntos de vista.

Existen diversos autores que falan sobre a teoría das representacións sociais; Moscovici, defende as representacións sociais coma “(...) un conjunto de conceptos, declaraciones y explicaciones originadas en la vida cotidiana, en el curso de las comunicaciones interindividuales y equivalen en nuestra sociedad a los mitos y sistemas de creencias de las sociedades tradicionales” (Moscovici, 1981, citado por Denegri, Cabezas, Sepúlveda, del Valle, González e Miranda, 2010, p. 161).

Jodelet considera as representacións sociais coma “(...) categorías que se utilizan con el fin de clasificar fenómenos, acontecimientos y sujetos; constituyen imágenes que concentran significados variados permitiendo a los individuos interpretar lo que sucede” (Jodelet, 1991, citado por Bruno, Barreiro e Kriger, 2011, p.4).

Outros autores, coma Candreva e Paladino (citado por Denegri et al., 2010) mencionan que unha representación social é definida sempre cun contido, por exemplo unha imaxe ou texto, relacionado a un obxecto, tal como pode ser, neste caso, o concepto do rural.

Tendo en conta as aportacións de Gil (1994), empregar a asociación de palabras neste tipo de test é unha ferramenta moi útil, pois serve para achegarnos á comprensión que teñen os alumnos e alumnas neste caso sobre o medio rural. Ao presentar a asociación de palabras mediante un test estándar, favorecemos a recollida de datos relevantes para logo comparar

os resultados, e, como explica o autor, co uso desta técnica tamén favorecemos a espontaneidade e a nitidez nas respostas pola parte do alumnado, pois é unha técnica que non os satura ademais de ser áxil e motivadora, xa que se realiza en pouco tempo.

5.2. Pre-Test de palabras asociadas sobre concepcións do rural

O seguinte test de palabras asociadas levouse a cabo no colexio Ana María Diéguez, situado nunha zona rural pertencente ao concello de Rianxo. Concretamente aplicouse na aula de terceiro curso de Educación Primaria, onde hai 14 alumnos e alumnas entre 8 e 9 anos de idade.

Ao alumnado entregóuselle un test de palabras asociadas, no cal aparecían tres preguntas de resposta curta e unha táboa onde había que asociar dez palabras a partir da palabra introdutora “rural” (Gil, 1994).

Primeiramente neste test presentáronse tres preguntas de resposta curta formuladas de sinxelas a complexas. Ao final presentóuselles unha táboa na que tiveron que escribir dez palabras relacionadas co “rural”.

Debemos ter moi en conta que os alumnos e alumnas viven en zonas rurais moi preto do centro escolar, e tendo en conta este dato, deberían saber o que é o rural, pois desenvolven as súas vida nesa contorna.

No resultado deste primeiro test obtivéronse 140 palabras inducidas. Neste caso a clasificación das palabras deu lugar a catro campos semánticos relacionados coa cidade, palabras asociadas coa acción antrópica do rural, palabras asociadas con elementos naturais do rural e palabras que non se asocian con ningunha acción antrópica ou elemento.

Este análise realizouse tomando de referencia a Macía e Armas, (2015).

Campos semánticos	G1	G2
Palabras asociadas coa cidade	33	23,6
Palabras asociadas coa acción antrópica do rural	26	18,6
Palabras asociadas con elementos naturais do rural	50	35,7
Palabras non asociadas con ningunha acción antrópica ou elemento	31	22,1
Valores totais	140	100

Nota: A variable G1 refírese á cantidade total das palabras relacionadas cos campos semánticos. A variable G2 indica a porcentaxe das palabras de cada campo semántico.

Unha vez feita a clasificación dos resultados, pódese observar que hai unha gran confusión entre o que é o rural, pois engaden moitos termos relacionados coa cidade e incluso engaden palabras que non teñen que ver nin co ámbito rural nin coa cidade, como por exemplo “casa do concello” (ver anexo PRE 11), “tartaruga” (ver anexo PRE 12), “nube” (ver anexo PRE 12 e PRE 13), ou “toldo” (ver anexo PRE 3). En xeral engaden termos mesturados, demostrando deste xeito que non saben diferenciar as zonas rurais das zonas urbanas.

Palabras asociadas coa cidade: neste campo semántico hai un total de 33 palabras que representan o 23,6% das 140 palabras. As palabras máis citadas son “rúa”, “cidade”, “ensanche”, “pobo”, “vila” e “praza”, as cales indican unha gran confusión do significado “rural”.

Palabras asociadas coa acción antrópica do rural: este campo semántico ten un total de 26 palabras, representando un 18,6% das 140 palabras totais. É unha porcentaxe bastante baixa comparada co grupo semántico mencionado anteriormente. Neste caso a palabra máis citada é “casa” e “aldea”, polo cal hai unha minoría que relaciona o rural con agrupacións de casas formando aldeas.

Palabras asociadas con elementos naturais do rural: neste campo semántico hai un total de 50 palabras que representan o 35,7% das 140 palabras totais. Neste grupo as palabras máis citadas son as seguintes: "campo", "árbores", "montaña", e "bosque" as cales nos indican que hai unha parte do alumnado que relaciona o rural con elementos naturais do rural, aínda que algúns alumnos mencionan estas palabras non significa que teñan o concepto de rural claro, (ver anexo PRE 4).

Palabras non asociadas con ningunha acción antrópica ou elemento: este campo semántico ten un total de 31 palabras, representando o 22,1% do total das 140 palabras. Neste campo semántico inclúense palabras como "toldo", "nube" ou "tartaruga", palabras que non se relacionan con ningún campo semántico citado anteriormente.

Observando as preguntas de resposta curta verificamos esa confusión que teñen estes alumnos e alumnas, pois hai unha gran maioría que non sabe o que é o rural, pasando a definilo con termos relacionados coa cidade ou as vilas. Algunhas definicións resultan moi rechamantes: "é unha cidade" (ver anexo PRE 1), "o rural é unha vila" (ver anexo PRE 2) "para min o rural é o ensanche" (ver anexo PRE 3).

A medida que imos complicando estas preguntas, vemos que as respostas son cada vez máis vagas e imprecisas. No caso da pregunta "qué é o que máis che gusta do rural?" vemos algunhas respostas como a seguinte: "a tranquilidade e a vexetación" (ver anexo PRE 7), pero hai moitas outras que chaman a atención: " os pisos" (ver anexo PRE 1), "os coches" (ver anexo PRE 4), ou " me gusta todo do rural" (ver anexo PRE 6).

Cando lles preguntamos se botan en falta algo no rural observamos que aumentan as respostas vagas e imprecisas, pois a gran maioría di que non botan en falta nada do rural. Isto débese a que é unha pregunta máis complexa onde deben pensar, e ao non ter claro o que é o rural non saben dar una resposta con claridade. Hai un dos test que chama a atención positivamente, concretamente o PRE 13, no cal responde " si, boto en falta os animais que se extinguiron", esta resposta mostra que relaciona o rural coa natureza, respondendo dun xeito máis preciso cando se lle formulan este tipo de preguntas máis concretas e complexas.

Despois de analizar os pre-tests, a conclusión é que o alumnado non ten claro o que é o rural, demostrando unha gran confusión para distinguir os diferentes tipos de localidades. Hai que ter en conta que os resultados son altamente rechamantes porque o alumnado vive nunha zona rural, polo cal deberían dar respostas máis acertadas. Tamén se debe valorar o

crecemento das localidades, en concreto as zonas “rururbanas” que poden ser parte do motivo desta confusión.

5.3. Diario de mestra

5.3.1. Primeira sesión

Neste primeiro día levei a cabo a presentación PowerPoint onde predominaron as imaxes para conseguir que o alumnado saiba distinguir as localidades coñecendo as características de cada unha. Nesta aula hai catorce alumnos e alumnas dos cales un neno diagnosticado con TDAH e medicado actualmente. A titora da aula informoume dicindo que ultimamente ten algún conflito cos compañeiros, así que decidín aplicar na aula os coñecementos adquiridos na universidade. Nada máis chegar ao colexio, o alumno con TDAH, acercouse a min con moita alegría para darme un abrazo, dicíndome que me botou moito de menos dende a última vez que estivera alí de mestra (estiven realizando o último prácticum nesta aula), polo cal o alumno mostra un vínculo positivo comigo, fundamental para que as medidas a tomar na aula funcionen correctamente.

Para asegurar a comprensión e que o alumno non se distraia na aula, empreguei algunha estratexias durante as explicacións, pero primeiramente observei a situación deste neno na aula: o seu pupitre está lonxe de portas e ventás para evitar distraccións tanto visuais como auditivas, e ademais enriba da mesa só debe ter o material imprescindible (Presentación, Miranda e Marco, 2011).

Unha vez realizado este primeiro paso, as estratexias levadas a cabo como mestra durante as sesións foron as seguintes:

Durante as explicacións, establecín contacto ocular con Antón (poñémoslle este nome ficticio ao alumno para protexer os seus datos) ademais de situarme preto del, deste xeito impedín a súa distracción. Tamén me dirixín a este neno durante as explicacións aproveitando que durante un tempo viviu na cidade para que lle explicase aos seus compañeiros a súa experiencia en Madrid, promovendo deste xeito a participación activa e reducindo as interrupcións causadas pola impulsividade que presenta. Ademais, ao rematar de explicar a súa experiencia feliciteino publicamente, pois para os alumnos con TDAH é moi importante o recoñecemento social (Orjales, 2003). Cabe destacar neste caso o emprego de

recursos TIC baseado en imaxes para captar a atención do neno e ao mesmo tempo axudarlle a apoiar as imaxes mentais sobre os conceptos (Presentación et al., 2011).

Todas estas técnicas resultaron positivas con este neno, o cal estivo moi activo durante a clase, cun bo comportamento, e participando cando se lle pediu activamente. Notei ao comezo das explicacións certa impulsividade provocando interrupcións innecesarias, que se reduciron grazas a convidalo a ser un partícipe activo: comentou como era a cidade na que viviu, e tamén tivo a oportunidade de erguerse da cadeira varias veces para facer voluntariamente un repaso final.

En xeral, a explicación resultou satisfactoria para todo o alumnado, pois cando se lles pediu que saísen a sinalar que tipo de localidades eran as imaxes proxectadas acertaron, mostrándolles aos seus compañeiros as características máis salientables que lles fixeron chegar á conclusión acertada. Ao finalizar, recordei varias veces a tarefa de traer recortes de revista, indicándolles que o anotasen na axenda para non esquecerse.

5.3.2. Segunda sesión

No día de hoxe levei a cabo tres actividades para as que precisei traballar en grupos reducidos, organizando a clase en dous equipos de cinco integrantes e un equipo formado por catro alumnos e alumnas. Primeiramente repartín dúas cartolinas a cada grupo, mentres recordei que colocasen nas mesas os recortes que lles pedira o venres pasado, as cales intercambiei de grupos para asegurar que non trouxesen clasificación previas da casa. Nunha das cartolinas pegaron imaxes relacionadas co rural e na outra imaxes relacionadas coas vilas ou cidades, creando así dous murais por equipo. Mentres realizaron esta actividade aproveitei para desprazarme por cada equipo co ordenador portátil para que viaxasen mediante “Google Earth”. Ensineilles diferentes lugares, incluíndo vilas, cidades e insistindo no rural: percorremos as cidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, as vilas de Rianxo e Pobra do Caramiñal e aldeas do concello de Rianxo. Unha vez que lles ensinei o percorrido, convideinos a elixir calquera lugar do mundo ao que quixesen viaxar. Neste caso todos coincidiron na elección: querían viaxar ao colexio ou preto dos seus fogares.

Logo disto, chamei grupo por grupo para observar a paisaxe dese a fiestra da aula, onde puideron apreciar unha paisaxe do rural: observaron casas, aldeas veciñas, leiras, montañas, bosque, camiños, traballos forestais, etc. Os nenos e nenas detectaron por eles mesmos

todas as características explicadas na aula. Destaco que para asegurar o entendemento das actividades realicei as explicación o máis claras posibles.



**Imaxe 2: Vistas dende a fiestra da aula actualmente.
Fonte: propia.**

Durante as tres actividades estiven pendente de Antón, (empregando as técnicas mencionadas no día anterior) o cal mostrou interese e actitude positiva pola realización da actividade, traballando en equipo sen crear ningún conflito.

Ao rematar, entreguelles o post-test para avaliar a intervención.

O día de hoxe foi moi satisfactorio, o alumnado mostrou un grande interese polas actividades propostas, participando activamente sen xerar ningún conflito. O resultado final dos murais foron moi bos, mostrando neste caso que saben distinguir o rural do urbano. Chamoume a atención positivamente a implicación dalgúns alumnos, que ademais de traer recortes da casa trouxeron a maiores un mural feito, froito da súa imaxinación, pois na clase previa non expliquei en ningún momento o que íamos realizar cos recortes (ver anexo 4, p. 97).

5.4. Post-Test de palabras asociadas sobre concepcións do rural

Este post-test aplicouse unha vez rematada a intervención na aula, no cal se preguntou exactamente o mesmo que no pre-test, deste xeito podemos observar e valorar se a intervención tivo éxito e se influíu nos alumnos ou se manteñen as mesmas ideas que ao comezo.

Campos semánticos	G1	G2
Palabras asociadas coa cidade	6	4,3
Palabras asociadas coa acción antrópica do rural	60	42,9
Palabras asociadas con elementos naturais do rural	65	46,4
Palabras non asociadas con ningunha acción antrópica ou elemento	9	6,4
Valores totais	140	100

Se observamos a táboa e a comparamos coa do pre-test, observamos unha melloría nos resultados, aumentando o número de palabras nos campos semánticos relacionados co rural, e case reducíndose as demais.

Palabras asociadas coa cidade: neste caso as palabras reducíronse a 6 fronte as 33 que citaban no primeiro test, baixando dun 23,6% a un 4,3% das 140 palabras totais, isto representa unha redución do 19,3% fronte o anterior test. Nalgún caso concreto aínda citan “tendas” ou “rúas”, (ver anexo POST 1 e POST 5), aínda que a gran maioría das palabras que citan relaciónanse co rural. Esta confusión pode deberse a que agora relacionan que viven nunha zona rural, na cal concretamente existe unha pequena tenda de barrio e un estanco. En canto a palabra rúas, nas explicacións da aula deixouse claro que no rural non hai rúas, sen embargo obtemos unha palabra “rúa” e tamén “rúas estreitas”, nesta última podemos relacionar esta palabra con “camiños estreitos”, mencionado na explicación do rural.

Palabras asociadas coa acción antrópica do rural: facendo referencia ao primeiro test, este campo semántico foi o que máis aumentou, obtendo 60 palabras fronte ás 26 que citaron nun principio. Isto representa agora o 42,9% das 140 palabras totais, aumentando así un 24,3% se o comparamos co 18,6%, primeira porcentaxe obtida deste campo semántico. Neste caso, as palabras predominantes son “casas”, facendo referencia ás casas baixas do rural. Tamén gañan peso palabras que antes apenas citabas como son “leiras”, “hortas”, “camiños estreitos”, “cultivo”, e incluso aparece algunha palabra nova como: “artesáns”, “leña”, “hórreos”, “madeira”, ou “vides”. Neste grupo unha minoría cita o colexio, debido a que o centro no que estudan está situado no rural.

Palabras asociadas con elementos naturais do rural: neste grupo semántico aumentan 15 palabras, chegando ás 65 sobre as 140 totais. Este número representa o 46,4% fronte o 35,7% obtido no primeiro test, aumentando un 10,7%. Algunhas das palabras nomeadas neste caso coinciden coas da primeira vez, aumentando o número de veces repetida: “campo”, “árbore”, “montaña”, “bosque”, “monte”, “vexetación”, “herba”, “flores” ou “ríos”. Podemos observar novamente que introducen novas palabras como “xabarán” (ver anexo POST 10).

Palabras non asociadas con ningunha acción antrópica ou elemento: comparando o pre-test, hai unha minoría de palabras que non se corresponden con ningún dos anteriores campos semánticos, reducíndose de 31 palabras a 9. Isto representa o 6,4% sobre o total, reducíndose notoriamente un 15,7%.

Na primeira pregunta realizada, observamos unha melloría en canto á explicación do que é o rural, pois as respostas son máis acertadas: “para min o rural é a aldea onde hai casas baixas e vexetación” (ver POST 2), “é a paisaxe que ten leiras, bosques..” (ver POST 5), “para min o rural é unha zona con moita vexetación” (ver POST 6), “a civilización cerca da natureza” (ver anexo POST 11).

Na seguinte pregunta onde se lles pide que citen o que máis lles gusta do rural, obsérvase unha minoría de respostas vagas, predominando as respostas que conteñen elementos relacionados con elementos naturais do rural e incluso aportando virtudes en comparativa coas cidades como os seguintes exemplos: “os árbores e as flores” (ver anexo POST 5) “non hai atascos” (ver anexo POST 9) “a tranquilidade” (ver anexo POST 10), “o campo e a vexetación” (ver anexo POST 11).

En canto á última pregunta, segue habendo algunha resposta vaga na cal poñen “non” porque non saben moi ben que contestar, pero obsérvase un aumento no número de respostas máis precisas: “o coidado da natureza”, (ver anexo POST 3 e POST 7) “os animais que cazan e as árbores que cortan”(ver anexo POST 12).

Para concluír, considérase que a intervención na aula foi realizada con resultados positivos, pois só hai que observar e comparar os resultados de ambos tests onde se mostra que despois de levar a cabo as explicacións e actividades pertinentes os alumnos mudaron as súas ideas respecto ao rural, sabendo diferenciar agora as zonas rurais das zonas urbanas. Neste último test, apréciase con claridade que responden de forma máis precisa e relacionada co rural, reducindo tamén considerablemente o número de respostas vagas e imprecisas que presentaban no primeiro test.

CAPÍTULO 6. CONCLUSIONS

Para acadar os obxectivos propostos neste traballo, empregamos diversas referencias documentais tratando de entender o rural e a ensinanza das paisaxes. Estas referencias achegáronnos á conclusión de que non hai unha definición válida do rural para todo o mundo, pois dependendo do autor, defínea tendo en conta uns criterios ou outros. A educación en paisaxe é un recurso moi enriquecedor para os nenos e nenas, e unha das mellores maneiras de ensinanza das paisaxes son as saídas didácticas, onde achegamos ao alumnado á realidade, empregando teoría e práctica conxuntamente e realizando unha boa organización previa (Travé, 2003). Ademais, estas saídas poden complementarse con recursos TIC na aula, como propón Busquets (2010). As aportacións teóricas levounos a realizar unha Unidade Didáctica empregando recursos TIC e achegando ao alumnado ao seu medio máis próximo para que a implicación e motivación por aprender fose maior ademais de fuxir das clases convencionais que só empregan o libro de texto e as actividades propostas polo mesmo. De feito, a implicación polo alumnado foi maior á esperada, pois varios nenos e nenas crearon un mural en conxunto durante a fin de semana, un mural moi logrado que superou as expectativas.

O emprego dos test para coñecer as concepcións do alumnado sobre o rural foi unha técnica moi positiva, pois grazas a ela a recollida de datos e a comparación dos resultados foi moi precisa.

A valoración final deste traballo no seu conxunto, considérase positiva e moi satisfactoria, pois se comparamos os primeiros resultados cos finais, obsérvase unha gran melloría. Nos primeiros resultados dos pre-tests vimos que este alumnado tiña unha gran confusión sobre o significado do rural, pero unha vez que se aplicou a Unidade Didáctica na aula, as concepcións que os nenos e nenas tiñan sobre o rural cambiaron notoriamente. Tanto as actividades coma as explicacións foron axeitadas cumprindo deste xeito cun dos obxectivos fundamentais deste traballo: que o alumnado de terceiro curso de Educación Primaria sexa quen de recoñecer identificar e diferenciar o rural, as vilas e as cidades, e isto ademais de verse no post-test tamén se mostra en tódalas actividades realizadas.

Para rematar, cabe destacar que nas aulas se deberían realizar máis a miúdo este tipo de metodoloxía co alumnado, pois segundo esta experiencia tan positiva a nivel persoal, pode dicirse que o alumnado se implicou máis do esperado, esforzándose ao máximo en tódalas

actividades e amosando curiosidade e ganas por aprender máis. Como mencionamos anteriormente, Travé (2003) di que se deberían organizar previamente as saídas didácticas, e, persoalmente, considero que isto debería aplicarse tamén á propia aula, para realizar actividades innovadoras, empregando as TIC e tendo sempre presentes que os protagonistas da aprendizaxe deben ser os propios alumnos.

REFERENCIAS DOCUMENTAIS

- Armas Quintá, F. J. (2009). *Sociedade da información e desenvolvemento rural. Análise de novos procesos sociais e territoriais en rexións periféricas. O caso de Galicia*. (Tese doutoral). USC. Santiago de Compostela. Recuperado de:
<https://www.educacion.gob.es/teseo/imprimirFicheroTesis.do?fichero=11712>
- Armas Quintá, F. J.; García Vázquez, Y. e Macía Arce, X. C. (2006). La escuela rural en Galicia. El caso de la plataforma de Cibereducación en el Concello de Brión. *Aula de Innovación Educativa*, nº 149, pp. 38-42.
- Armas Quintá, F. J. e Macía Arce, J. C. (2012). La difusión de la sociedad de la información en Galicia y Norte de Portugal. Nuevas ruralidades y oportunidades de desarrollo. *XIII Congreso de la Población Española* (pp. 184-191). Santander: Asociación de Geógrafos Españoles.
- Bruno, D.; Barreiro, A. e Kriger, M. (2011). Representaciones sociales de la política en los jóvenes: corrupción institucional y mentira. *KAIROS. Revista de Temas Sociales*. Universidad Nacional de San Luís, año 15, nº 28. Recuperado de:
<http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=4347671>
- Busquets, J. (2010). La educación en paisaje: una oportunidad para la escuela. *Iber, Didáctica de las Ciencias Sociales, Geografía e Historia*, nº 65, pp. 7-16.
- Consello de Europa. (2000). *Convenio Europeo del Paisaje*. Madrid. Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. Recuperado de:
http://www.magrama.gob.es/en/desarrollo-rural/temas/desarrollo-territorial/090471228005d489_tcm11-24940.pdf
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG, 171, 9 de setembro de 2014.
- Denegri Coria, M.; Cabezas Gaete, D.; Sepúlveda Aravena, J.; Del Valle Rojas, C.; González Gómez, Y. e Miranda Vargas, H. (2010). Representaciones sociales sobre pobreza en estudiantes universitarios chilenos. *Liberabit*, nº 16 (2), pp. 161-170.
- Domínguez Almansa, A. e López Facal, R. (2014) Patrimonio, paisaje y educación: formación inicial del profesorado y educación cívica del alumnado de primaria. *CLIO, History and History teaching*, nº 40. Recuperado de:
<http://clio.rediris.es/n40/articulos/mono/MonDominguezLopez2014.pdf>
- Ferrás Sexto, C. (2000). La urbanización del campo y la desconcentración urbana. Análisis empírico comparado en Irlanda y España. *Boletín da A.G.E.*, nº 29, pp. 73- 92.
- Ferrás Sexto, C.; García Vázquez, Y. e Macía Arce, J. C. (2004). Metodología de intervención para vencer la brecha digital. La experiencia de www.infobrion.com. *Script Nova. Revista electrónica de geografía y ciencias sociales*, vol. VI, nº 170 (72).
- Gil Saura, E. (1994) Un ejemplo de uso de la asociación de palabras como técnica de recogida de datos sobre la representación del mundo social: la reconstrucción del campo semántico de los alumnos acerca del tema Tercer Mundo. *Didáctica de las Ciencias Experimentales y Sociales*, nº 8, pp. 27-51.
- Lois González, R. C. e Aldrey Vázquez, J. A. (2011). El problemático recorrido de la ordenación del territorio en Galicia. *Cuadernos Geográficos*, nº 47 (2010-2), pp. 583-610.

- Macía Arce, X. C. e Armas Castro, X. (2015). Concepciones iniciales sobre Europa en un curso universitario de formación de maestros en Educación Primaria. Un estudio de caso fundamentado en la asociación de palabras. *XXVI Simposio AUPDCS. Una enseñanza de las Ciencias Sociales para el futuro: recursos para trabajar la invisibilidad de personas, lugares y temáticas* (pp. 871-880). Cáceres: Universidad de Extremadura.
- Orjales, I. (2003). *Déficit de Atención con Hiperactividad. Manual para padres y educadores*. Madrid: CEPE, pp. 139-155.
- Paniagua, A. e Hoggart, K. (2002). Lo rural, ¿ Hechos, discursos o representaciones? Una perspectiva geográfica de un debate clásico. *Información Comercial Española. Revista de Economía*, nº 803, pp. 71-71.
- Presentación, M.J.; Miranda A. e Marco, R. (2011). Intervención en TDAH en el contexto escolar. En A. Miranda (coord.), *Manual Práctico de TDAH*. Madrid: Síntesis, pp. 145-165.
- Travé González, G. (2003). Más allá de las paredes del aula: salidas de investigación escolar. *Kikiriki. Cooperación educativa*, nº 71-72, pp. 43-46.
- Vilarrasa, A. (2003). Salir del aula, reapropiarse del contexto. *Iber. Didáctica de las Ciencias Sociales, Geografía e Historia*, nº 36, pp. 13-25.

FONTES

Libro de texto que empregan no centro educativo:

García Sebastián, M. et al (2012). *Faro 3.2: medio natural, social e cultural*. A Coruña. Vicens Vives.

Manual que se empregou para comparar co libro de texto do colexio:

Etxebarria, L. et al (2008). *Coñecemento do medio: 3 Primaria*. Santiago de Compostela: Obradoiro-Santillana.

Google Earth (s.f.). <https://www.google.es/intl/es/earth/index.html>

Street View (s.f.). <https://www.google.com/maps/views/streetview?gl=es&hl=es>

ANEXOS

Anexo 1. Pre-test de palabras asociadas

PRE 1



Curso	3º
-------	----

Idade	9
-------	---

Sexo	F
------	---

¿Que é para ti o rural?
E unha cidade, E unha cidade

¿Que é o que máis che gusta do rural?
os ríos

¿Botas algo en falta no rural?
os casas e os lugares

Cita dez palabras que teñan relación co rural

- | | |
|----|-------------|
| 1 | Balkans |
| 2 | escarpes |
| 3 | os cultivos |
| 4 | os arbores |
| 5 | as flores |
| 6 | as follas |
| 7 | os ríos |
| 8 | os lagos |
| 9 | os montes |
| 10 | os océanos |



Curso

Idade

Sexo

¿Que é para ti o rural?

¿Que é o que máis che gusta do rural?

¿Botas algo en falta no rural?

Cita dez palabras que teñan relación co rural

- | | |
|----|----------------|
| 1 | Arbores |
| 2 | Casas pequenas |
| 3 | campas |
| 4 | prazas |
| 5 | montañas |
| 6 | ingresas |
| 7 | prados |
| 8 | animais |
| 9 | tendas |
| 10 | lagos |

Curso	3 ^o
-------	----------------

Idade	8 anos
-------	--------

Sexo	F
------	---

¿Que é para ti o rural?
Para min o rural é o ensanche.

¿Que é o que máis che gusta do rural?
O colexio.

¿Botas algo en falta no rural?
No.

Cita dez palabras que teñan relación co rural

- | | |
|----|-------------|
| 1 | O ensanche. |
| 2 | O colexio. |
| 3 | O turismo. |
| 4 | O todo. |
| 5 | A paisaxe. |
| 6 | O túnel. |
| 7 | A aldea. |
| 8 | A cidade. |
| 9 | O robo. |
| 10 | As casas. |

Curso 3º

Idade 8 anos

Sexo Masculino

¿Que é para ti o rural?
A Natureza

→

¿Que é o que máis che gusta do rural?
Os coches

¿Botas algo en falta no rural?
Non

Cita dez palabras que teñan relación co rural

→

- 1 Coches
- 2 comida
- 3 forxas
- 4 aldeas
- 5 os ríos
- 6 peixes
- 7 autobuses
- 8 colinas
- 9 estradas
- 10 animais

Curso	3 ^a
-------	----------------

Idade	8 anos
-------	--------

Sexo	Masculina
------	-----------

¿Que é para ti o rural?
O rural para mim son as aldeas as vilas.

¿Qué é o que máis che gusta do rural?
As vilas que están cerca da mar ou algun río.

¿Botas algo en falta no rural?
No.

Cita dez palabras que teñan relación co rural

- | | |
|----|-----------------------|
| 1 | Aldeas |
| 2 | Ribas |
| 3 | Vilas |
| 4 | Casas |
| 5 | Leiras |
| 6 | Campes |
| 7 | Releas |
| 8 | Montañas |
| 9 | Pequenas construcións |
| 10 | Xente |

Curso

Idade

Sexo

¿Que é para ti o rural?

Para min o rural é unha aldea

¿Que é o que máis che gusta do rural?

Me gusta todo do rural

¿Botas algo en falta no rural?

Non ningunha causa

Cita dez palabras que teñan relación co rural

- | | |
|----|-----------|
| 1 | Parques |
| 2 | casas |
| 3 | edificios |
| 4 | bares |
| 5 | montañas |
| 6 | árbores |
| 7 | floras |
| 8 | colegios |
| 9 | fontes |
| 10 | molinos |



Curso

Idade

Sexo

¿Que é para ti o rural?
 Para min o rural é un sitio máis pequeno que
 una cidade e tamén é un sitio máis bonito
 verde

¿Que é o que máis che gusta do rural?
 A tranquilidade e a vexetación

¿Botas algo en falta no rural?
 No

Cita dez palabras que teñan relación co rural

- | | |
|----|----------------------|
| 1 | Arbustos |
| 2 | Campos |
| 3 | Frutas |
| 4 | Herbas |
| 5 | Tranquilidade |
| 6 | Polvo verde |
| 7 | Diversión |
| 8 | polvo fume de coches |
| 9 | vexetación |
| 10 | bosque |

Curso

Idade

Sexo

¿Que é para ti o rural?
 E as partes do terra que e maioritariamente natural, pero con algúns vilas ou pobos

¿Que é o que máis che gusta do rural?
 os campos de cultivo

¿Botas algo en falta no rural?
 a tranquilidade

Cita dez palabras que teñan relación co rural

- | | |
|----|------------|
| 1 | Campos |
| 2 | vilas |
| 3 | ponte |
| 4 | granxas |
| 5 | lozque |
| 6 | riu |
| 7 | pobo |
| 8 | casas |
| 9 | ordilleiro |
| 10 | semm |

Curso	3 ^a A
-------	------------------

Idade	8
-------	---

Sexo	F
------	---

¿Que é para ti o rural?
Para min o rural son pequenas casas e pequenas vilas.

¿Qué é o que máis che gusta do rural?
O que máis me gusta do rural son os restos da paisaxe que hai.

¿Botas algo en falta no rural?
Eu non boto nada de menos do rural gustame tal e como é.

Cita dez palabras que teñan relación co rural

1	Caras
2	Rías
3	Vilas
4	Montañas
5	Bosques
6	Campes de cultivos
7	Familias
8	Ríos
9	Lagos
10	Vilas

Curso	3 ^o Primaria
-------	-------------------------

Idade	8 anos
-------	--------

Sexo	F
------	---

¿Que é para ti o rural?

Para min o rural é unha aldea

¿Que é o que máis che gusta do rural?

O que máis me gusta é toda

¿Botas algo en falta no rural?

Non boto nada en falta no rural

Cita dez palabras que teñan relación co rural

- | | |
|----|------------|
| 1 | Pontes |
| 2 | Casas |
| 3 | Parques |
| 4 | Montañas |
| 5 | Arbores |
| 6 | Flores |
| 7 | Colexios |
| 8 | Institutos |
| 9 | Gasolinas |
| 10 | Molinos |

Curso

Idade

Sexo

¿Que é para ti o rural?
 Para min o rural é unha localidade pequena.

¿Que é o que máis che gusta do rural?
 Son as vistas as augas da vila

¿Botas algo en falta no rural?
 Custame toda o que hai no rural

Cita dez palabras que teñan relación co rural

- | | |
|----|------------------|
| 1 | Casas |
| 2 | Prateras |
| 3 | Bosques |
| 4 | Prada |
| 5 | Montañas |
| 6 | Ponte |
| 7 | Ríos |
| 8 | Prateras |
| 9 | Casa do Concello |
| 10 | Ríos |

Curso

Idade

Sexo

¿Que é para ti o rural?

Para mim o rural son os campos

¿Que é o que máis che gusta do rural?

a natureza

¿Botas algo en falta no rural?

si a natureza e a administración

Cita dez palabras que teñan relación co rural

- | | |
|----|----------|
| 1 | trilobos |
| 2 | trilobos |
| 3 | nubes |
| 4 | peixes |
| 5 | pedras |
| 6 | lousas |
| 7 | ardillos |
| 8 | tortugas |
| 9 | gatos |
| 10 | cons |

Curso	3 ^o
-------	----------------

Idade	9 anos
-------	--------

Sexo	Feminina
------	----------

¿Que é para ti o rural?

Son as cousas que hai na natureza.

¿Que é o que máis che gusta do rural?

As plantas e os animais.

¿Botas algo en falta no rural?

Si, bato en falta os animais que se extinguiron

Cita dez palabras que teñan relación co rural

1	árbores
2	auga
3	animais
4	flores
5	casas de campo
6	os Xogos rurales
7	ruínas
8	turismo
9	meve
10	a natureza



Curso 3º de informática

Idade 8 años

Sexo Masculino

¿Que é para ti o rural?

Para min o rural é os aldeas, vilas e cidades.

¿Qué é o que máis che gusta do rural?

o que máis me gusta do rural e os casos.

¿Botas algo en falta no rural?

Bota en falta os autobuses e taxis

Cita dez palabras que teñan relación co rural

- 1 Rua
- 2 Cidade
- 3 vila
- 4 aldea
- 5 Casos
- 6 edificios
- 7 calles
- 8 terra
- 9 Enxame
- 10 rodaxes

Anexo 2. Post- test de palabras asociadas

POST 1



Curso

Idade

Sexo

¿Que é para ti o rural?

O rural é. vila pequena, as casas son baixas, campos, e estradas

¿Qué é o que máis che gusta do rural?

A paisaxe

¿Botas algo en falta no rural?

As tendas

Cita dez palabras que teñan relación co rural

- | | |
|----|------------|
| 1 | Casas |
| 2 | Paisaxe |
| 3 | Montañas |
| 4 | Río |
| 5 | Barqueiros |
| 6 | Arbores |
| 7 | Tendas |
| 8 | Flores |
| 9 | Campos |
| 10 | Mar |



Curso

Idade

Sexo

¿Que é para ti o rural?
 Para min o rural é a aldea donde hai casas baixas e vexetación

¿Qué é o que máis che gusta do rural?
 O que máis me gusta é a vista

¿Botas algo en falta no rural?
 A seguridades dos parques

Cita dez palabras que teñan relación co rural

- | | |
|----|--------------------|
| 1 | casas baixas |
| 2 | invernadeiros |
| 3 | moitos arbores |
| 4 | vexetación |
| 5 | poucas coches |
| 6 | montes |
| 7 | rios |
| 8 | Pouca xente |
| 9 | zeiros |
| 10 | estradas estreitas |

Curso 3º Zelia

Idade 8

Sexo Femenina

¿Que é para ti o rural?

Terca min non montañas, pedras, arbores, casas

¿Qué é o que máis che gusta do rural?

que hai campos

¿Botas algo en falta no rural?

Si oxaidade da natureza

Cita dez palabras que teñan relación co rural

- | | |
|----|-----------------|
| 1 | <u>campos</u> |
| 2 | <u>montes</u> |
| 3 | <u>arbores</u> |
| 4 | <u>casas</u> |
| 5 | <u>pedras</u> |
| 6 | <u>montañas</u> |
| 7 | <u>flor</u> |
| 8 | <u>animais</u> |
| 9 | <u>ignancia</u> |
| 10 | <u>herba</u> |



Curso 3^o

Idade 8

Sexo M

¿Que é para ti o rural?

As Unhas aldea

¿Qué é o que máis che gusta do rural?

As casas

¿Botas algo en falta no rural?

Non

Cita dez palabras que teñan relación co rural

- 1 Porque
- 2 casas
- 3 escola
- 4 flores
- 5 curros
- 6 charques
- 7 montañas
- 8 campos
- 9 cultivos
- 10 arboreas

Curso

Idade

Sexo

¿Que é para ti o rural?
 É a natureza que ten billos, bosques.

¿Qué é o que máis che gusta do rural?
 Os animais no campo.

¿Botas algo en falta no rural?
 Edificios altos

Cita dez palabras que teñan relación co rural

- | | |
|----|----------------|
| 1 | flores |
| 2 | arbores |
| 3 | herba |
| 4 | madureza |
| 5 | os campos |
| 6 | o mantimento |
| 7 | bosques |
| 8 | ríos e lagoas |
| 9 | capas Pequenas |
| 10 | ruínas |



Curso 3^o

Idade 8^a

Sexo h

¿Que é para ti o rural?

Para min rural é unha zona de moita vexetación

¿Qué é o que máis che gusta do rural?

A vexetación

¿Botas algo en falta no rural?

Non non boto nada en falta no rural

Cita dez palabras que teñan relación co rural

- 1 vexetación
- 2 casas
- 3 Montañas
- 4 árbores
- 5 bosques
- 6 zonas de cultivo
- 7 flores
- 8 plantas
- 9 leiras
- 10 cultivos

Curso *Wanjo*

Idade *8*

Sexo *♂*

¿Que é para ti o rural?
o civilización cerca da natureza

¿Que é o que máis che gusta do rural?
o campo

¿Botas algo en falta no rural?
o cidade da natureza

Cita dez palabras que teñan relación co rural

- 1 *granxas*
- 2 *portas*
- 3 *campes*
- 4 *igrejas*
- 5 *montes*
- 6 *casas*
- 7 *carrixeiros estreitos*
- 8 *estoradas* ||
- 9 *ortosom*
- 10 *arbores*

Curso 3º Zootecnia

Idade 18-05-2016 Sexo Femenina

¿Que é para ti o rural?
Para mim o rural son pequenos casares, prados, árbores, montañas, ect.

¿Qué é o que máis che gusta do rural?
O que máis me gusta do rural é a súa tranquilidade.

¿Botas algo en falta no rural?
Non o rural é perfecta como é.

Cita dez palabras que teñan relación co rural

- | | |
|----|-----------------|
| 1 | <u>Árbores</u> |
| 2 | <u>Casas</u> |
| 3 | <u>Serros</u> |
| 4 | <u>Montes</u> |
| 5 | <u>Prados</u> |
| 6 | <u>Valos</u> |
| 7 | <u>Animais</u> |
| 8 | <u>Morreas</u> |
| 9 | <u>Iglesias</u> |
| 10 | <u>Barques</u> |

Curso

Idade

Sexo

¿Que é para ti o rural?

¿Qué é o que máis che gusta do rural?

¿Botas algo en falta no rural?

Cita dez palabras que teñan relación co rural

- | | |
|----|---------------------|
| 1 | Casas tradicionais. |
| 2 | Herbas. |
| 3 | Estrechas estreitos |
| 4 | Pouca xente. |
| 5 | Algunos hórreos. |
| 6 | Hai montañas. |
| 7 | Camiños. |
| 8 | Leña. a leña |
| 9 | Loiros |
| 10 | Igrejas |

Curso

Idade

Sexo

¿Que é para ti o rural?

¿Qué é o que máis che gusta do rural?

¿Botas algo en falta no rural?

Cita dez palabras que teñan relación co rural

- | | |
|----|----------------|
| 1 | tranquilidade |
| 2 | Campos |
| 3 | Arbores |
| 4 | vegetación |
| 5 | Mansos |
| 6 | casas pequenas |
| 7 | ruas estreitas |
| 8 | leiras |
| 9 | montes |
| 10 | jabalis |

Curso 3^o primaria

Idade 8 anos

Sexo Femenino

¿Que é para ti o rural?

Unha poboación con vexetación casea baixas

¿Qué é o que máis che gusta do rural?

O campo e a vexetación

¿Botas algo en falta no rural?

Non.

Cita dez palabras que teñan relación co rural

- 1 Campos
- 2 Cultivos
- 3 leiras
- 4 prados
- 5 escaleas
- 6 árbores
- 7 floras
- 8 casas baixas
- 9 Pequenas pradeiras
- 10 edificios moi baixos

Curso 3^o de primaria

Idade 9 anos

Sexo Feminino

¿Que é para ti o rural?

É a vexetación e as vilas que están no campo

¿Qué é o que máis che gusta do rural?

A vexetación e os animais domésticos

¿Botas algo en falta no rural?

Si, os animais que cazan e os árbores que cortan.

Cita dez palabras que teñan relación co rural

- | | |
|----|------------------|
| 1 | herbas |
| 2 | casas illadas |
| 3 | animais |
| 4 | vides |
| 5 | campo |
| 6 | leiras |
| 7 | basculas |
| 8 | canais estreitos |
| 9 | Montañas |
| 10 | glares |

Curso 30

Idade 30 anos

Sexo Masculino

¿Que é para ti o rural?

Para min o rural é que esta no meu distrito

¿Qué é o que máis che gusta do rural?

A paisaxe

¿Botas algo en falta no rural?

Os coches

Cita dez palabras que teñan relación co rural

- 1 paisaxe
- 2 casas
- 3 colinas
- 4 ríos
- 5 montañas
- 6 bicas
- 7 pedras
- 8 bestas
- 9 herbas
- 10 aldeas

Curso

Idade

Sexo

¿Que é para ti o rural?
 O rural para min son casas baixas, estradas pequenas e moita vexetación.

¿Qué é o que máis che gusta do rural?
 O que máis me gusta do rural é a vexetación para esconderme nas herbas.

¿Botas algo en falta no rural?
 Si. Os parques.

Cita dez palabras que teñan relación co rural

- | | |
|----|--------------------|
| 1 | casas pequenas |
| 2 | moita vexetación |
| 3 | Pouca xente |
| 4 | herbas |
| 5 | Parques pequenos |
| 6 | leiras |
| 7 | povos casais |
| 8 | aldeas |
| 9 | estradas estreitas |
| 10 | montes |


Anexo 3. PowerPoint sesión 1

Situación xeográfica da comarca do Barbanza.



Fonte: Google Earth.

Imaxe da situación xeográfica de Asados.



Fonte: Google Earth.

ALDEAS DO RURAL

- Casas baixas.
- Hortas e leiras preto das casas.
- Non hai rúas.
- As aldeas comunícanse por estradas pequenas.
- Poucos habitantes.
- A xente que vive na aldea dedícase á agricultura, gandería ou traballos forestais.
- Turismo rural.

Foxacos, aldea próxima a Asados.



Fonte: Google Earth.

Baredo, aldea pertencente a Baiona



Fonte: <http://goo.gl/miDYGP>

Aldea da contorna rural galega



Fonte: <http://goo.gl/9Br97k>

Contorna rural situada preto da Coruña.



Fonte: Street View.

Contorna rural situada preto da Coruña.



Fonte: Street View.

A Merca, Ourense.



Fonte: <http://goo.gl/bgwna4>

Asados.



Fonte: Google Earth.

Situación do colexio Ana María Diéguez.



Fonte: Google Earth.

Terreos situados en Asados, preto do colexio Ana María Diéguez.



Fonte: Google Earth.

Terreos situados en Asados, preto do colexio Ana María Diéguez.



Fonte : Google Earth.

Aldea rural galega.



Fonte: <http://goo.gl/3xVKfO>

Contorna rural pertencente a Cambados.



Fonte: <https://goo.gl/3eNtTO>

Vides na contorna rural de Cambados.



Fonte: <http://goo.gl/JxFzCG>

Vacas pastando en Ordes.



Fonte: <http://goo.gl/C7WSPi>

Imaxe pertencente á contorna rural de Ribeira.



Fonte: Google Earth.

Corrubedo, Ribeira.



Fonte: Google Earth.

Corrubedo, Ribeira.



Fonte: Google Earth.

San Andrés de Teixido.




Fonte: <http://goo.gl/UKCxIE>

AS VILAS

- Vivendas e edificios de mediana altura.
- Nas vilas hai mais xente ca nas aldeas
- Poucas rúas
- Os edificios máis importantes distribúense arredor das prazas , coma o concello.
- Os habitantes soen traballar en:
 - Comercios
 - Nas zonas de litoral traballan tamén no mar.

Rianxo.



Fonte: Google Earth.

Praza de Rafael Dieste, Rianxo.



Fonte: Street View.

Praza Castelao, Rianxo.



Fonte: Street View.

Praza situada na Pobra do Caramiñal.




Fonte: Street View.

CIDADE

- Edifícios moi altos
- Moitos habitantes
- Rúas anchas e longas
- Na cidade podemos ver moitos comercios, centros comerciais, museos, hospitais ...
- Moitos coches, autobuses, atascos, ruídos e fumes.
- A xente soe traballar en:
 - Oficinas
 - Comercios
 - Hospitais
 - Fábricas.

A Coruña.



Fonte: <https://goo.gl/U794hT>

A Coruña.



Fonte: Google Earth.

A Coruña.



Fonte: Google Earth.

Vigo.



<https://goo.gl/r8Cesq>

Vigo.



Fonte: <https://goo.gl/1uR6wh>

Praza de Galicia, Santiago de Compostela.



Fonte: Street View.


Rúa Montero Ríos, Santiago de Compostela.



Fonte: Street View.

Imos observar e identificar zonas rurais e zonas urbanas

Boiro.



Fonte: Google Earth.

Boiro.



Fonte: Google Earth.

Boiro.



Fonte: Google Earth.

Contorna rural de Boiro.



Fonte: Google Earth.

Contorna rural de Boiro.




Fonte: Google Earth.

Contorna rural de Boiro.



Fonte: Google Earth.

Ordes.



Fonte: Google Earth.

Contorna rural de Ordes.



Fonte: Google Earth.

Contorna rural de Ordes.



Fonte: Google Earth.

Imaxes extraídas de:

- Google Earth .
- http://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/3/3b/Baredo_Baiona.jpg
- http://pixabay.com/p-253711/?no_redirect
- http://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/f/ff/A_Merca_Ourense_02.jpg
- [http://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/4/4e/Vi%C3%B1edos_de_albari%C3%B1o_en_la_parroquia_de_la_Santa_Cruz_de_Castrelo_\(Cambados\).JPG](http://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/4/4e/Vi%C3%B1edos_de_albari%C3%B1o_en_la_parroquia_de_la_Santa_Cruz_de_Castrelo_(Cambados).JPG)
- http://www.elpais.com/recorte/20100322elpepieco_1/XXLCO/les/Vinedos_albarino.jpg
- http://www.galiciaautentica.org/recursos/1270543918_1259946318_VacaspastandoenOrdes1.jpg
- http://i2.wp.com/www.hortagalega.eu/wp-content/uploads/2012/11/100_5569.jpg
- <http://www.galiciaenfotos.com/wp-content/uploads/2010/04/04-00940.jpg>
- http://cdn.traveler.es/uploads/images/thumbs/201328/top_10_pueblos_de_galicia_148516789_650x.jpg
- https://c1.staticflickr.com/1/56/190016516_5c9d5c55da.jpg
- <https://cx9aaw.files.wordpress.com/2013/11/vigo-2013-galicia-1.jpg>
- https://c3.staticflickr.com/3/2766/4475354067_d4ab4b6c99_b.jpg
- http://www.pueblos-espana.org/fotos_originales/1/6/3/00310163.jpg

Anexo 4. Actividade 3: realización de murais

OS EDIFICIOS
SON ALTOS E
HAI MOITA
POBOACION

NO URBANO HAI RUAS
AMPLAS E ROTONDAS

PAISAXE
URBANA

HAI MOITOS
ATASCOS

MOITOS
COCHES

PA I SAXE RURAL



A sante traktor.



No rural hai maitas
bosques.




Son ganderas



URBANO





Cochevendas
Ruas anchas -
Edifícios altos -
Muitas lojas
etc.



RURAL




CHARACTERÍSTICAS: Artesanía, tradición,
manejo comunitario, animales, servicios, etc.



PAISAGEM URBANA

A PAISAGEM URBANA
TEM EDIFÍCIOS ALTOS,
TAMBÉM HÁ ESTRADAS AMPLAS
HÁ MUITO TRÁFICO E
POUCA VEGETAÇÃO.



PAISAXE

RURAL

O RURAL TEM
MUITA VEGETAÇÃO
E CASAS BAIXAS





WILY, THE US, FILLER, GAMES, AKA, PETS
FOR THE COCKETS, I HUSTLE
PEOPLE



WE LIVE! L. THE LUGO OZJMES,
MAYRAJ DAS CABAS, NAD, LAYING BY
LIFE TO VOYAGING, FLOUNTS, AND PASTOR

